

> **acontraportada**



O transportista, onte na Coruña trasladando un piano de cola para o Teatro Rosalía de Castro. > Irene Molina / AGN

## Boa man cos pianos

> O coruñés Luis Sánchez leva 25 anos transportando por toda Galicia estes delicados instrumentos, aos que mima con devoción

A. Conde [aconde@l-v.es](mailto:aconde@l-v.es)

Se un se cruza na autoestrada cun camión de transporte de pianos, o primeiro que se lle pasa pola cabeza é se un servizo tan exclusivo dá para vivir. Pero ao falar con Luis Sánchez, dono do vehículo en cuestión, descóbrese que precisamente esa especialización é a que lle leva dando de comer 25 anos, os que leva dedicándose a trasladar estes delicados instrumentos de corda por toda Galicia “e parte de España”.

Músicos, conservatorios e tendas confían no bo facer de Luis cos pianos, que custodia con esmero. E é que explica que se trata de traslados “moi delicados”, polo que “hai que ser coidadosos, xa que se unha persoa gasta 18.000 euros nun piano quere que este siga intacto tras unha viaxe”.

En aras dese obxectivo, no camión leva un deshumidificador para evitar que os instrumentos collan humidade. Ademais, Luis pisa pouco o acelerador, xa que un simple bache ou banda rugosa collidos á velocidade indebida “poden desafinar o piano” se este se dirixe a unha actuación.

Cos de cola –1,82 centímetros de largo e 400 quilos de peso– bástase el só, desmontándolle as patas e o pedaleiro e servíndose de carros para transportalos, así como dun robot cando hai que salvar escaleiras. Nos servizos a particulares, conta que ás veces ata os meten nas casas pola ventá, para o que se valen dunha grúa, precisan dunha licenza municipal e fan falta “uns catro homes”.

Os seus apreciados servizos poden contratarse desde os 250

euros, se ben hai traslados complicados que poden chegar aos 1.000. Ao ano, pasan polas súas mans uns 900 pianos de todo tipo. “¡E non hai un só día que chegase dez minutos tarde!”, di orgulloso.

¿Como se meteu nisto? “Empecei cunha empresa de mudanzas en xeral, vin a demanda e decidín especializarme. O resto veu polo boca a boca”. Cos anos, descubriu que os pianos son o mellor agocho. “Non é a primeira vez que atopamos dentro deles cartos que agocharan os donos, xa mortos, e dos que ningún sabía”.

Malia ser o seu unha arte “excrava” –traballa fins de semana e ata de madrugada cando ten que esperar a que remate un concerto–, aos seus 59 anos confesa que lle gustaría que o seu fillo seguise co negocio, único en Galicia.